- Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas.
- Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles.
- Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.
- Medidas para fomentar a igualdade no deporte.
- Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: estereotipos de xénero en contextos físico-deportivos, presenza en medios de comunicación e redes sociais.
- Análise das posibilidades da contorna natural e urbana e actuacións para a súa mellora desde o punto de vista da motricidade, para a práctica de actividade física e deporte: equipamentos, accesibilidade, usos e necesidades.

UD	Título da UD	Duración
9	Xogos e deportes tradicionais, populares ou alternativos II: Beisbol	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Actuar de forma crítica, comprometida e responsable ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal e os comportamentos que poñan en risco a saúde, aplicando con autonomía e independencia criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade á información recibida.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración e amosando un entendemento básico da lóxica interna do xogo.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer e implementar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da actividade física, así como para a aplicación de primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente, poñendo en práctica normas de seguridade individuais e colectivas, identificando as posibles transferencias que estes coñecementos teñen ao ámbito profesional e ocupacional.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración e amosando un entendemento básico da lóxica interna do xogo.		
CA2.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración e amosando un entendemento básico da lóxica interna do xogo.		
CA2.3 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración e amosando un entendemento básico da lóxica interna do xogo.		
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración e amosando un entendemento básico da lóxica interna do xogo.		
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración e amosando un entendemento básico da lóxica interna do xogo.		
CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración e amosando un entendemento básico da lóxica interna do xogo.		
CA3.4 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración e amosando un entendemento básico da lóxica interna do xogo.		
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración e amosando un entendemento básico da lóxica interna do xogo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración e amosando un entendemento básico da lóxica interna do xogo.		
CA5.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración e amosando un entendemento básico da lóxica interna do xogo.		
CA6.2 - Practicar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas para previr e controlar os riscos intrínsecos á propia actividade derivados da utilización dos equipamentos, a contorna ou a propia actuación dos participantes.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración e amosando un entendemento básico da lóxica interna do xogo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde mental. - Xestión das medidas relacionadas coa planificación da actividade física e deportiva (tipo de deporte, material necesario, obxectivos da preparación, actividades e similares). - Selección responsable e sustentable do material deportivo. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices. - Xestión do risco propio e do dos demais: planificación de factores de risco en actividades físicas, medidas colectivas de seguridade. - Toma de decisións. - Análise colectiva de resultados e reaxuste de actuacións para conseguir o éxito en actividades cooperativas. - Desempeño de roles variados en procedementos ou sistemas tácticos postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica. - Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.

Contidos

- Medidas para fomentar a igualdade no deporte.
- Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: estereotipos de xénero en contextos físico-deportivos, presenza en medios de comunicación e redes sociais.
- Os xogos e deportes tradicionais e autóctonos e o seu vínculo cultural: orixe, evolución, preservación e factores condicionantes.
- Historias de vida significativas de deportistas profesionais de ambos os xéneros, exemplos de boas prácticas profesionais no deporte.
- Mercado, consumismo e deporte.
- Saídas profesionais no ámbito deportivo.
- Prevención de riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo.
- Materiais e equipamentos: manexo segundo as súas especificacións técnicas.

UD	Título da UD	Duración
10	Xogos e deportes tradicionais, populares ou alternativos III: Datchball	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer e implementar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da actividade física, así como para a aplicación de primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente, poñendo en práctica normas de seguridade individuais e colectivas, identificando as posibles transferencias que estes coñecementos teñen ao ámbito profesional e ocupacional.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración-oposición.	TI	100
CA2.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración-oposición.		
CA2.3 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración-oposición.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración-oposición.		
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración-oposición.		
CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración-oposición.		
CA3.4 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración-oposición.		
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración-oposición.		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración-oposición.		
CA4.3 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración-oposición.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración-oposición.		
CA5.2 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Participar activamente do xogo, solventando de forma eficiente situacións motrices de colaboración-oposición.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xestión das medidas relacionadas coa planificación da actividade física e deportiva (tipo de deporte, material necesario, obxectivos da preparación, actividades e similares). - Selección responsable e sustentable do material deportivo. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices. - Xestión do risco propio e do dos demais: planificación de factores de risco en actividades físicas, medidas colectivas de seguridade. - Toma de decisións. - Análise colectiva de resultados e reaxuste de actuacións para conseguir o éxito en actividades cooperativas. - Desempeño de roles variados en procedementos ou sistemas tácticos postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica. - Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Medidas para fomentar a igualdade no deporte. - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitrase, persoal técnico, participante, público e outros. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Deporte e perspectiva de xénero: estereotipos de xénero en contextos físico-deportivos, presenza en medios de comunicación e redes sociais. - Os xogos e deportes tradicionais e autóctonos e o seu vínculo cultural: orixe, evolución, preservación e factores condicionantes. - Historias de vida significativas de deportistas profesionais de ambos os xéneros, exemplos de boas prácticas profesionais no deporte.

Contidos

- Mercado, consumismo e deporte.
- Saídas profesionais no ámbito deportivo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía da materia de Educación Física debe ser integradora, con estratexias pedagóxicas van desde os estilos máis directivos ós máis autónomos ou de maior grao exploratorio, dependendo sempre do tipo de tarefas.

Utilizaranse métodos de ensino máis dirixidos para tarefas que presenten complexidade, unha alta organización e cuxa execución estea estruturada de acordo cunha secuencia estable. Por exemplo: pilates, xestos técnicos concretos dos deportes, etc.

Os métodos de ensino de tipo global, como a asignación de tarefas, a formulación de problemas e procura de solucións (ensaio e erro), dan un maior protagonismo e autonomía e utilizaranse para tarefas simples, cuxa execución non se aten a unha estrutura estable, senón que a súa secuencia pode ser tan variable como as cambiantes circunstancias o requiran, coma por exemplo: xogos, deportes colectivos e actividades de expresión e ritmo.

O papel do profesorado será o de facilitar os procesos de aprendizaxe dirixidos ó alumnado, conseguir que adquira unha aprendizaxe significativa, é dicir, que os alumnos atopen sentido ás tarefas que realizan e saiban aplicalas a outras situacións e contextos, que consigan transferir a aprendizaxe.

O alumnado debe ser o centro deste proceso e intentarase favorecer que se responsabilice da súa actuación e que a súa autonomía sexa cada vez maior na práctica e aprendizaxe dos contidos da Educación Física, á vez que se favorecerá o desenvolvemento dun pensamento crítico con relación ó mundo da actividade física e o deporte como fenómeno social e cultural.

Para as distintas tarefas ofrecerase actividades motivadoras e intentarase que a consecución dos obxectivos se realice a través de tarefas progresivas en dificultade e nunhas condicións adecuadas para fomentar e desenvolver no alumnado a capacidade de experimentación e de construción das súas propias aprendizaxes, adquirindo confianza en si mesmos ó realizalas.

O ensino da Educación Física debe fomentar a capacidade de esforzo, constancia e autosuperación, actitudes a desenvolver no alumnado, imprescindibles para alcanzar o resto de capacidades expresadas nos obxectivos xa sexan motrices, cognitivas, afectivas, de relación ou de inserción social.

O contido das sesións será eminentemente práctico, aínda que se reforzarán algunhas aprendizaxes con contidos teóricos e realización de probas ou traballos por parte do alumnado, quen poderá buscar información a través de fontes tradicionais, como libros e revistas, ou utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación, como direccións interesantes de Internet.

Alguns dos contidos desta materia gardan unha estreita relación cos que se traballan noutras materias como as ciencias, as matemáticas ou outras. Este feito permítenos articular propostas conxuntas de carácter interdisciplinar para que contribúan conxuntamente á adquisición das capacidades da etapa e ó desenvolvemento das competencias básicas.

Os xogos e deportes son a forma máis habitual de entender e practicar a actividade física. Na súa utilización como contidos importantes para desenvolver os obxectivos desta materia, primarase o enfoque educativo desta actividade, cun carácter principalmente lúdico, aberto e flexible, de participación, sen ningún tipo de discriminación e no que prime a creación dun bo clima de traballo en equipo, de aceptación mutua de cooperación e respecto fronte ao enfoque meramente competitivo.

A heteroxeneidade cada vez maior do alumnado require a formulación dun currículo que dea resposta a esa diversidade e favoreza un ensino e avaliación individualizada. Haberá que identificar as características de cada alumno e do grupo como punto de partida para axudalos a progresar realizando, en caso necesario, as adaptacións precisas para facilitar que cada alumno alcance os obxectivos propostos.

Para atender á diversidade pódense desenvolver as diferentes actuacións pedagóxicas: potenciar a igualdade de roles e a participación mixta nas actividades, organizar a clase en pequenos grupos de traballo, ofrecer tarefas con distintos niveis de esixencia que xunto co traballo cooperativo constitúense como estratexias metodolóxicas de gran importancia.

Nesta materia a influencia social de estereotipos referidos á actividade física xoga un papel en contra das pretensións dunha educación en igualdade de oportunidades para ambos os sexos. Unha adecuada estratexia de agrupamentos, de selección de xogos e deportes, de repartición de responsabilidades e un tratamento da información relacionada co corpo, a saúde e o deporte exenta de prexuízos son elementos necesarios para a ruptura de estereotipos desde unha

perspectiva coeducadora.

Para que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa eficaz ten que haber un bo clima de convivencia no aula: para o bo desenvolvemento da sesión, son imprescindibles aspectos como o respecto entre profesorado-alumnado e entre o propio alumnado, a solidariedade, o trato igualitario e a cooperación. Mediante o traballo cooperativo pódense expor metas colectivas que precisarán da reflexión colectiva do grupo e a axuda mutua; fomentando a distribución de tarefas, funcións e responsabilidades e creando un clima de aceptación e de cooperación que favoreza as relacións sociais e contribúa ó desenvolvemento de valores sociais e de cidadanía. Incidiremos aquí no respecto ás instalacións e ó material común por parte do alumnado, así como na súa participación á hora de sacar e recoller devandito material.

O emprego das TIC tamén vai ser mínimo, pois a aula de traballo será normalmente o gimnasio ou a pista exterior que non carecen de infraestrutura axeitada. Aínda así tentarase ampliar o seu uso para a difusión da parte máis conceptual da materia, elaboración e recepción de traballos teóricos, así como o envío de información ao alumnado a través da aula virtual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instalacións deportivas
Equipamento deportivo das instalacións
Material do departamento

O equipamento e o material dispoñible para o presente curso escolar é o habitual en calquer centro de educación secundaria, sendo suficiente para levar á práctica esta programación, se ben tentarase de facer algunha mellora na dotación aproveitando os recursos económicos de que dispón o departamento.

O centro conta con varias instalacións específicas para a práctica da E. F.:

Dúas pistas polideportivas exterior-res unha de Baloncesto de 25 X 15 metros. e outra de usos múltiples de 25 X 12 metros.(Pistas A)

Unha pista polideportiva cuberta de 50 x 25 metros. (Pavillón B).

Un ximnasio cunhas medidas de 15 x 25 metros, con dous vestiarios, un almacén para material deportivo e un despacho para os profesores de EF. (Pavillón C).

O departamento de Educación Física dispón do seguinte material deportivo:

4 Canastras fixas balonc.

4 Canastras fixas balonc.

2 Canastras móbil balonc.

4 Palomillas suxeición

2 Pizarra

1 Corcho

1 Armario

1 Ordenador

2 Radio CD

4 Porterías Balonm. fixas

12 Espaldeiras

4 Postes voleibol

3 Redes voleibol

12 Colchonetas

2 Quitamedos

2 Minitramp

1 Trampolín reuter

2 Plinto

6 Bancos suecos

10 Xogo de zancos

1 Saltómetro

6 Xabalina

20 Vallas
 6 Discos
 4 Bolas de peso
 30 Cordas rítmica
 24 Aros
 12 Picas
 15 Balón medicinal
 24 Esterillas
 1 Cronómetros
 2 Cintas métricas
 2 Xogos de conos
 15 Brúxulas
 25 Freesbes
 5 Indiakas
 2 Porterías floorball
 16 Stiks floorball
 30 Palas
 20 Petos grandes
 20 Petos pequenos
 2 Infladores
 2 Xaula gardabalóns
 25 Raquetas bádminton
 6 Caixas volantes bád.
 2 Rede bádminton
 6 Pelotas espuma
 12 Pelotas tenis
 12 Pelotas floorball
 10 Balón fútbol
 24 Balón baloncesto
 14 Balón rugby
 22 Balón voleibol
 20 Balón balonmán
 1 Caixa balóns xigantes
 2 Botiquín

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha valoración do punto de partida de cada alumno/a a través da observación nas primeiras sesións do curso. En caso de precisarse algunha proba de carácter práctico ou teórico para algunha valoración máis precisa e específica dalgún caso concreto realizarase una proba adaptada especificamente a cada alumno/a.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	13	9	6	17	15	9	6
Proba escrita	0	0	100	0	0	0	100
Táboa de indicadores	100	100	0	100	100	100	0

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	7	100
Proba escrita	0	0	0	12
Táboa de indicadores	100	100	100	88

Criterios de cualificación:

Temporalización das probas escritas.

As probas escritas serán: Unha por avaliación. Nesta proba avaliaranse os coñecemento teóricos sobre as unidades didácticas desenvolvidas nese trimestre.

No caso de que unha Unidade didáctica ou varias, non foran avaliadas da parte teórica, o porcentaxe de dito apartado se sumaría ao das probas prácticas nesa avaliación.

Os apuntes serán proporcionados polo profesor o longo do trimestre e espostos na Aula virtual do centro na asignatura da Educación Física.. Estes serán explicados na clase, onde se indicarán os aspectos máis importantes dos mesmos.

Temporalización das probas prácticas.

As probas de execución práctica serán: Unha ou varias por Unidade Didáctica. Nestas probas avaliaranse as execucións prácticas dos alumnos/as, sobre as actividades desenvolvidas o longo de dichas unidades didácticas.

No caso de que unha Unidade didáctica ou varias, non foran avaliadas da parte práctica, o porcentaxe de dito apartado se sumaría ao das probas escritas nesa avaliación.

A temporalización pode sufrir modificacións por causas de orixe diversa, que serán reflectidas nas actas de departamento correspondentes, polo que se poden ver afectados ou ben os contidos que se avalían nas mesmas ou algunha das probas ou exames previstos que pasarán a realizarse, de ser posible, noutro momento.

Cualificación das probas, escritas ou prácticas, traballos individuais ou colectivos, observación.

As probas escritas ou traballos: Cualifícase de 0 a 10. Nos exames poderanse incluír distintos tipos de actividades (test, cuestións, problemas, interpretación de gráficos e debuxos) nas que se indicará o valor de cada unha; de non ser así, dáse por suposto que todas teñen a mesma valoración cuantitativa. As probas desenvolveranse en orde e silencio. Cando un alumno, logo de ser advertido da súa conduta, impida o normal desenvolvemento da proba, será enviado o profesor de garda ou ao cargo directivo correspondente. Outorgaráselle a cualificación de cero puntos.

As probas de execución práctica: Cualifícase de 0 a 10. As probas de execución constarán de diferentes exercicios que foron realizados na clase, xa sexa executados de maneira analítica, o aplicados nun contexto real de xogo. Previamente indicárase o valor de cada unha destas probas, de non ser así, dáse por suposto que todas teñen a mesma valoración cuantitativa. Cando un alumno, logo de ser advertido da súa conduta, impida o normal desenvolvemento das probas, será enviado o profesor de garda ou ao cargo directivo correspondente. Outorgaráselle a cualificación de cero puntos.

As observacións e rexistro realizados na clase: Cualifícase de 0 a 10. Dentro da observación do traballo diario na aula teranse en conta os criterios de avaliación e a súa concreción en estándares de aprendizaxe. A ponderación de cada estándar será diferente, dando prioridade aos máis importantes en cada sesión, de acordo ás tarefas realizadas.

Dentro da observación do traballo diario na aula valoraranse as seguintes actitudes:

1-Actitudes que se consideran positivas:

- Esfuerzo e boa actitude nas actividades propostas polo profesor
- Participación activa.
- Motivación para mellorar cada día.
- Colaboración na colocación e recollida do material.
- Aplicación dos hábitos hixiénicos nas clases.

- Dirixir ou realizar correctamente o quecemento.
- Tolerancia.
- Respecto polos compañeiros e profesor.
- Cumprimento das normas.

2-Actitudes que se consideran negativas:

- Actitude pasiva.
- Non realizas as actividades propostas polo profesor.
- Non aplicar hábitos hixiénicos nas clases.
- Non traer a vestimenta axeitada.
- Non traer o material necesario a clase.
- Poñer en perigo a se mesmo ou a un compañeiro.
- Maltratar o material deportivo ou as instalacións.
- Incumprimento das normas.

Poderase ponderar a actitude do alumnado segundo o seguinte criterio:

- Case sempre negativa: 0 puntos na nota.
- Ás veces negativa: 1- 5 puntos na nota.
- Case sempre positiva: 6 - 9 puntos na nota.
- Actitude académica correcta: 10 puntos na nota.

Aquel alumno que empregue métodos ilícitos para superar as distintas probas terá unha cualificación de cero nas mesmas.

A nota da avaliación calcularase segundo as porcentaxes sinaladas a continuación.

Probas Escritas: 40%

Probas Execución Práctica: 40%

Actitude na clase: 20%

De conformidade co establecido na normativa vixente, as cualificacións de cada avaliación, consignadas na acta e no boletín correspondentes, expresaranse en cifras, utilizando a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Considerase a avaliación superada cando a nota sexa igual ou superior a cinco.

En consecuencia do expresado anteriormente, a cualificación obtida en cada trimestre será obxecto de redondeo ao número enteiro próximo.

Para dito redondeo terase en conta o seguinte, cando a alumno/a no apartado de As Observacións e rexistro realizados na clase teña un 5 ou mais, aquelas cualificacións iguais ou superiores a 5 décimas redondearán á unidade seguinte, mentres que si o alumno/a ten nese apartado menos dun 5 redondearán ao enteiro inferior.

Elaboración de la Nota Media das 3 avaliacións.

A cualificación da materia para aqueles alumnos que aprobaran os tres trimestres, calcularase facendo a media entre as notas (sen redondeo) obtidas nas tres avaliacións. A cualificación obtida deste xeito poderá redondearse ao número enteiro superior tendo en conta as distintas cualificacións obtidas e a observación e rexistros realizados na clase o longo de todo o curso.

Criterios de recuperación:

Para recuperar as UU.DD. non superadas: Procedementos de Recuperación.

Como se recupera unha proba non superada?

Dado que na cualificación de cada avaliación téñense en conta distintos instrumentos de avaliación, en xeral, non se realizará a recuperación de cada un deles por separado, xa que todos eles conforman a nota de cada avaliación. Se ben na recuperación parcial da materia, tal e como se indica a continuación, os contidos dos que debe examinarse cada alumno variarán tendo en conta que avaliación é, si é a parte Teórica, a parte Práctica, ou das dúas.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Considerase a avaliación suspensa cando a nota sexa inferior a cinco. O alumnado cuxa nota media das tres avaliacións sexa superior a cinco non terá que recuperar as avaliacións suspensas. Unha vez concluídos os tres trimestres, o alumnado que non teña unha media de cinco, realizara un exame final de recuperación, da totalidade da

materia, xa sexa da parte Teórica, da Práctica ou das dúas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado de 2º Bacharelato que fora promocionado desde o curso anterior coa materia sen superar deberá seguir un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia do alumno ou alumna, e baixo as directrices deste departamento didáctico, así como co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno. O plan de reforzo entregárase a cada alumno ou alumna coa materia pendente ao longo do mes de setembro, unha vez iniciado o curso e terá que conter a seguinte información:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Información relevante sobre a materia sen superar.
- Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- Seguimento e avaliación.

No caso de alumnado coa materia pendente farase o seguinte:

Como se avalía? (Avaliacións parciais. Avaliación final)

O alumno terá o longo do curso, 3 oportunidades para recuperar o curso pendente, para o cal realizara exames por avaliacións en Outubro, Xaneiro e Marzo sobre a materia do curso que ten pendente. Ademais de un exame final en Abril.

Ademais en caso de superar as dúas primeiras avaliacións do curso que esta facendo, quedaralle aprobado o curso anterior cunha cualificación dun 5. Podendo incrementar dicha cualificación no exame de Abril do curso pendente.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación.

Farase unha media entre as avaliacións. Se un alumno consegue unha cualificación igual ou superior a 5 a materia quedará superada.

Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc..

Para a proba teórica:

- As preguntas serán entre 10 e 100, xa sexan de tipo: larga, corta, ou pregunta tipo test.
- A valoración de cada pregunta aparecerá sinalada no exame (en caso de non especificarse nada, todas terán a mesma valoración).

Como se cualifica, redondeos, etc..

Cualifícase de 1 a 10. As cualificacións consignadas na acta e no boletín correspondentes, expresaranse en cifras, utilizando a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Considerase a avaliación superada cando a nota sexa igual ou superior a cinco. En consecuencia do expresado anteriormente, a cualificación obtida será obxecto de redondeo ao número enteiro próximo. Para dito redondeo terase en conta o seguinte, aquelas cualificacións iguais ou superiores a 5 décimas redondearán á unidade seguinte, mentres que si o alumno/a ten nese apartado menos de 5 décimas redondearán ao enteiro inferior.

6. Medidas de atención á diversidade

Desde o departamento estudarase detidamente cada caso concreto para aqueles alumnos e alumnas que necesiten medidas de atención á diversidade. Estas necesidades serán observadas a primeira ollada nalgúns casos durante as primeiras sesións do curso (avaliación inicial) pero noutros será necesaria a realización de probas físicas para unha análise e prescrición máis acertada e individualizada.

Ademais, contarase cos informes existentes no Departamento de Orientación do centro, onde no caso de alumnado con deficiencias e/ou dificultades manifestas existirá con total seguridade algún informe sobre o historial do alumno/a e a evolución sufrida nos últimos anos.

Requirirase ao alumnado a entrega de informes médicos actualizados, que sen ningunha dúbida serán unha fonte de información de vital importancia para realizar adaptacións ao longo do proceso segundo as diferentes situacións, máis ou menos temporais, que poidan xurdir ao longo do curso.

Outra fonte de información que non debemos esquecer é a facilitada directamente polo alumnado en cuestión, que non por ser menos científica cobra menor importancia que as anteriores.

Unha vez coñecida a problemática e tras unha minuciosa análise de cada caso procederase a:

- Adecuar os criterios de avaliación para ese alumnado.
- Axustar os exercicios e as tarefas que se realicen na propia aula para que poidan ser realizadas por estes alumnos e alumnas con problemas.
- Adecuar a metodoloxía e os materiais e recursos para facilitar a consecución dos obxectivos perseguidos para este alumnado. Isto farase tendo en conta que se buscará sempre, e na medida do posible, que devanditos alumnos e alumnas sigan o proceso xeral de ensino-aprendizaxe xunto co resto dos seus compañeiros e compañeiras de clase.
- Facer fincapé no traballo das capacidades nas que presentan deficiencias de desenvolvemento, intentando buscar un equilibrio na formación corporal do alumnado.
- Dar prioridade a aquelas actividades que van favorecer o desenvolvemento de xeito autónomo polo alumno nas actividades da vida cotiá.
- Aplicar os criterios especiais de cualificación.

Todo o proceso de atención á diversidade e ás necesidades educativas especiais que poidan presentar certos alumnos e alumnas farase sempre baixo un marco xeral que tratará en todo momento de buscar a adaptación á dinámica xeneral do grupo de clase. Por iso trataremos de fomentar, á vez que o desenvolvemento persoal, a integración social evitando as situacións de illamento social que ás veces é fácil que xurdan ao redor deste tipo de alumnado.

As medidas a adoptar serán:

A. DIFICULTADES DE APRENDIZAXE NON SIGNIFICATIVAS.

Enlazando co anteriormente exposto, cando o alumnado presenta dificultades de aprendizaxe ou parte de coñecementos básicos diferentes, a adaptación realízase mediante grupos de nivel ou o deseño de tarefas con carácter aberto e flexible nas que a participación individual facilite a adaptación aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

B. PROBLEMAS GRAVES DE APRENDIZAXE.

Con este tipo de alumnado seguiremos o mesmo tipo de adaptación que no apartado anterior, posto que aplicar diversificación curricular significativa é practicamente imposible dentro da clase normal, por iso sería oportuna a creación de clases de recuperación e ampliación para o alumnado que o necesite, ben sexa polo seu estado actual, por enfermidade crónica ou transitoria, ou por ter que faltar a clase reiteradamente.

C. CONTRAINDICACIÓNS MÉDICAS Á ACTIVIDADE FÍSICA.

Será de aplicación a nova lexislación pola que o alumnado terá que entregar ao matricularse a documentación necesaria para que o profesor realice as oportunas adaptacións curriculares, podendo chegar estas á exención total da parte procedimental.

Naturalmente, este alumnado terá obrigación de asistir a clase, onde traballarán os aspectos conceptuais (que serán traballados con maior profundidade por este alumnado) e actitudinais que a materia ten marcados, así como colaborar na medida que lle sexa posible en aspectos organizativos e xerais de clase. Substituirase a execución da parte máis práctica pola realización dun traballo teórico sobre a mesma.

Se as dificultades se producen por problemas temporais de carácter médico, a adaptación realizarase sobre a base do informe médico presentado polo alumno. Para iso estudarase a posibilidade de flexibilizar a actuación en certo tipo de actividades ou tarefas que poidan ser contraproducentes para o alumno ou alumna en cuestión.

Se é posible o alumnado deberá realizar os exames da parte práctica que non realizara durante a lesión unha vez recuperado desta. Isto levarase á práctica sempre e cando esta medida non impida o normal desenvolvemento da programación para o resto do grupo.

Se é procedente, e no informe médico este incorporase unha orientación acerca dos posibles programas de rehabilitación ou recuperación, estes poderán ser executados parcial ou totalmente durante as clases de educación física polo alumnado, pasando a formar parte da materia evaluable e calificable para ese alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación moral e cívica:	X			X	X			
ET.2 - Educación para a paz:				X	X			X
ET.3 - Educación para a saúde:	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos:				X	X			X
ET.5 - Educación vial:							X	

	UD 9	UD 10
ET.1 - Educación moral e cívica:	X	X
ET.2 - Educación para a paz:	X	X
ET.3 - Educación para a saúde:	X	X
ET.4 - Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos:	X	X
ET.5 - Educación vial:		

Observacións:

Educación moral e cívica:

Buscaremos potenciar a capacidade de orientarse con autonomía, racionalidade e senso de cooperación en situacións que supoñen conflito de valores.

Educación para a paz:

Buscaremos o senso positivo da paz asociado ós conceptos de violencia directa (agresión física) e estrutural (estruturas sociais que xeran inxustiza social) e trataremos de analízalo dende o ámbito das actividades físico-deportivas.

Educación para a saúde:

Trátase doutro tema a tratar dunha forma importante dende esta materia pola relación directa entre a saúde e a actividade física. Non se tratará de ensinar a saúde, senón de ensinar para a saúde.

Será importante tamén contribuír dende a área de Educación Física á ambientación do centro coa creación dun entorno promotor de saúde.

Buscaremos fundamentalmente a adquisición por parte do alumnado de pautas de comportamento que favorezan o benestar físico e mental e a adquisición tamén de hábitos e costumes sans, valorando o mantemento da saúde como un aspecto básico de calidade de vida.

Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos:

Tentaremos na Educación Física buscar un currículo integrador dos intereses, motivacións e necesidades de ambos xéneros, fomentando a igualdade efectiva e revisando os medios humanos, materiais e funcionais.

As medidas de acción positiva serán temporais e non se implantarán de forma indiscriminada, senón exclusivamente cando se consideren necesarias.

Educación vial:

O correcto uso das vías públicas, tanto na súa condición de peón como na de condutor ou viaxeiro, é unha parcela máis do comportamento cidadán que esixe a súa correspondente forma educativa.

Diversas actividades físico-deportivas van permitírnos un maior acercamento a este tipo de condutas desexables e con elo á educación viaria.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Curso de esquí e/ou snowboard	Curso de unha semana de duración de esquí e/ou snowboard a desenvolver na estación invernal de Astún e aloxamento en Jaca (Huesca).		X	
Percorrido de orientación	Percorrido de orientación a desenvolver pola contorna do centro educativo			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. A temporalización e a secuencia da miña programación de aula (mensual, quincenal, semanal, diaria) é apropiada
2. Os mínimos que programei foron conseguidos por tódolos alumnos/as
3. Puiden desenvolver toda a programación
8. As actividades e exercicios propostos foron coherentes cos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe

9. A secuencia e temporalización das actividades foi adecuada
14. Os criterios e instrumentos de avaliación empregados fóronme útiles para valorar o nivel de consecución dos estándares de aprendizaxe
15. Os procedementos e os rexistros de observación utilizados permitíronme valorar os progresos do alumnado
16. Empreguei diferentes procedementos e instrumentos de avaliación según os contidos
21. Tiven en conta as conclusións e valoracións obtidas trala avaliación das anteriores programacións
22. Analicei cos compañeiros/as do departamento os resultados alcados e os obxectivos logrados (non procede neste caso por ser departamento unipersoal)
Metodoloxía empregada
12. Os recursos didácticos que utilicei foron variados
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
4. Dediquei tempo suficiente a elaborar e revisar a programación de aula
10. Tódolos recursos e materiais didácticos programados foron utilizados
11. A xestión do tempo escolar foi eficaz
13. A utilización dos espazos: polideportivos, pista descuberta, contornał foi rentable
Medidas de atención á diversidade
5. Os reforzos e apoios planificados funcionaron ben e realizáronse todos eles
6. As actividades realizadas foron adecuadas para a maior parte do alumnado
7. As actividades levadas a cabo despertaron o interese do alumnado
17. O alumnado coñece os seus progresos e avances e as súas propias dificultades
18. A avaliación permitíume coñecer os contidos que presentan as maiores dificultades para o alumnado
19. Coñezo que alumnos/as deben realizar actividades de apoio e reforzo
20. Teño xa previstas actividades e exercicios para a realización dos apoios e reforzos

Descrición:

Dende o departamento farase un seguimento e avaliación da programación, especialmente nos aspectos relativos á consecución dos obxectivos propostos e ós contidos desenvolvidos. Os cambios que houbera que realizar serán reflectidos nas actas de reunións do departamento.

Ao finalizar o curso realizarase unha avaliación final de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe seguido ó longo do curso. Esta avaliación realizarase a través do cuestionario marcado nos indicadores de logro.

Cada ítem valorarase de 1 a 5.

Cos ítems 1 a 5 tentamos valorar a planificación e a organización de aula. Cos ítems 6 a 9 preténdese valorar as actividades e a xestión dos procesos de aula. Nos ítems 10 a 13 a preparación e utilización dos recursos didácticos e cos ítems 14 a 17 os procesos e procedementos de avaliación. Por último, cos ítems 18 a 22 buscaremos información sobre os resultados obtidos e mellorar así a labor e o traballo como profesor e a práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propónse facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.
- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.
- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados